

ANEXO I. BASES DE PARTICIPACIÓN DAS PÍLULAS FORMATIVAS PRÁCTICAS E ASESORAMENTO INDIVIDUALIZADO

1. Obxecto

A presente convocatoria ten por obxecto regular a participación no programa de formación **RIBADEO SUMA EMPRESAS E EMPRENDEMENTO** dirixido a profesionais, empresas, persoas autónomas e emprendedores/as

Terán preferencia as persoas que desempeñen a súa actividade profesional no concello de Ribadeo

2. Programación das pímulas formativas

As accións formativas a impartir son as seguintes:

- Habilidades básicas para a xestión administrativa e financeira**
- Darlle unha volta ao meu negocio**
- Poñer o teu negocio en pé**

A formación presencial irá acompañada de asesoramento individualizado posterior para as persoas participantes

1.Habilidades básicas para a xestión administrativa e financeira

SESIÓNS PRESENCIAIS: luns 23 e 30 de maio de 16 a 19 horas na AULA CEMIT (Casa da Xuventude)

DIRIXIDO A: empresas, profesionais, persoas autónomas e emprendedorxs.

OBXECTIVOS:

- Mellora das capacidades de xestión
- Incremento da rendibilidade do negocio
- Adquisición de coñecementos e ferramentas para o control administrativo e financeiro do negocio

CONTIDOS:

- Control de ingresos e gastos.
- Control de cobros e pagos.
- Manexo práctico de impostos.
- Implicacións fiscais.
- Documentación relevante.
- Redactar orzamentos: cálculos, condicións e compromisos.
- Ferramentas tecnolóxicas para a xestión.
- ACOMPÑAMENTO INDIVIDUALIZADO e personalizado unha vez remate o curso.**

2. Darlle unha volta ao meu negocio

SESIÓNS PRESENCIAIS: luns 2 e 9 de maio de 11 a 13 horas na Casa do Viejo Pancho

DIRIXIDO A: empresas, profesionais e persoas autónomas

OBXECTIVOS:

- Mellorar e ampliar as posibilidades dun negocio xa en funcionamento no contexto actual de Ribadeo
- Introducir o concepto de innovación no tecido empresaria de Ribadeo e das posibilidades económico-financeiras que representa a nivel europeo e estatal ou local
- Avaliar a rendabilidade e sustentabilidade dun negocio a través de ferramentas analóxicas e dixitais

CONTIDOS:

- Descubrir/identificar ideas máis competitivas para o teu negocio: modelos innovadores, proceso máis efectivos e/ou novas liñas de servizos ou produtos.
- Estudar casos e experiencias reais de negocios innovadores en contextos similares ao de Ribadeo e contorna
- Busca de información útil e de calidade para poñer a túa idea innovadora en marca

- Tornar a idea dun proxecto de negocio a través dun Plan de Empresa novo ou adaptando o que xa téis

- **ACOMPANAMENTO INDIVIDUALIZADO**

3. Poñer o teu negocio en pé

SESIÓNS PRESENCIAIS: martes 3 e 10 de maio de 10,30 a 13,30 horas na Casa do Viejo Pancho

DIRIXIDO A: persoas que desexen iniciar unha idea de negocio , emprendedore/as

OBXECTIVOS:

- Crear un mapa útil e claro que axude ao alumnado a dar os primeiros pasos na creación do seu proxecto
- Coñecer os diferentes aspectos a ter en conta á hora de montar un proxecto profesional ou empresarial
- Folla de rota personalizada para continuar e avanzar no proxecto

CONTIDOS:

- Necesidades, expectativas e habilidades persoais e profesionais á hora de montar un negocio
- Crea un mapa cos pasos necesarios para poñer un negocio en marcha
- Ferramentas e recursos de organización e comunicación efectiva
- Contexto local e global e a súa influencia nos proxectos empresariais
- **ACOMPANAMENTO INDIVIDUALIZADO**

4. Solicitantes e criterios de selección do programa de formación

Terán prioridade as persoas que desempeñen a súa actividade profesional en Ribadeo ou na súa contorna. No caso de ser requirida, as persoas solicitantes comprométese a presentar a documentación que acredite esta prioridade.

As prazas son limitadas, e a admisión na acción formativa realizarase por **orde de inscrición**. De non cubrirse un mínimo de 10 prazas, non se celebrará a formación.

5. Presentación de solicitudes

As solicitudes deberán remitirse a través da sede electrónica ou presentarse na Área de Desenvolvemento Local do Concello de Ribadeo.

O prazo para inscribirse remata o día anterior á actividade formativa.

6. Notificación

Unha vez concluída a avaliación dos requisitos, notificarase ás persoas admitidas no proceso de selección.

7. Protección de datos

Ao inscribirse neste proxecto acéptase que o Concello de Ribadeo reciba e xestione os datos facilitados. Se se desexa, sempre se poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación e cancelación dos mesmos.

8. Información

Para solicitar máis información sobre este programa, pode poñerse en contacto no número de teléfono 982 128 650 ou no email adl@ribadeo.org